



10 sinxelos consellos para

01. Planifica o consumo. Fai unha lista do que realmente precisas.

02. Merca con cautela. Evita as tentacións provocadas polo atractivo dos envases e envoltorios. Presta atención á data de caducidade dos alimentos e opta polos duradeiros, naturais e de tempada. Non cociñes en exceso e calcula as cantidades necesarias.

03. Evita os envoltorios superfluos. Os agasallos que facemos nestas datas levan moitos envoltorios que cumpren unicamente unha función ornamental. Supoñen un gasto inútil de recursos, como o caso do papel, cartón e plástico, e, ademais, encarecen o produto. Non agasalles caixas baleiras que non aportan máis que un incremento no prezo.

04. Rexeita os consumibles envasados en bandexas de plástico ou poliestireno. Sempre que resulte posible, escolle produtos a granel (se a orixe está documentada) ou que veñan en recipientes reenchibles. Recupera a cociña tradicional e evita a comida lixo ou precociñada, que implica máis envase. Os produtos en tarro familiar xeran menos residuos por unidade.

Contribuír a reducir a xeración

05. Prescinde de produtos de "usar e tirar" como manteis ou panos de mesa de papel, así como pratos, cubtería e vasos de plástico. Opta pola vaixela clásica, de vidro ou porcelana, e polos cubertos tradicionais de aceiro ou aluminio.

Rexeita as bolsas de plástico que, de forma gratuíta, ceden nos establecementos comerciais. Lembra que, como media, cada cidadán consume ao redor de 238 bolsas plásticas ao ano. Cada unidade ten unha vida útil de quince minutos (o xusto para levar a compra dende a tenda a casa), pero tarda 400 anos en descompoñerse, provocando serios trastornos no medio natural. Se toda a poboación galega apostase por alternativas máis ecolóxicas á tradicional bolsa non biodegradable,

como o caso da bolsa de tela, rafia ou lona, ou ben o tradicional carro da compra, poderíamos aforrar o consumo de máis de 666 millóns de bolsas plásticas ao ano.

Da preferencia tamén ás pilas recargables para xoguets e aparatos electrónicos.

06. Reduce a utilización do papel, tan habitual nesta época. Ten en conta que para fabricar unha cantidade de papel nova equivalente a un paquete de cen folios, precísase aproximadamente unha árbore de dous metros de alto, 4.700 Wats/hora de enerxía e uns 50 litros de auga. Pola contra, para fabricar a mesma cantidade de papel reciclado a partir de papel usado, só se precisan dous periódicos vellos, uns 1.800 Wats/hora

Reducir sí, pero tamén Separar

CONSELLOS PARA SEPARAR OS RESIDUOS EN ORIXE POR TIPOLOXÍAS



IGLÚ VERDE:

Debes depositar:

- Botes, tarros e botellas de vidro (sen os tapóns)

Non deposites:

As tapas e cortizas das botellas, cristais, parabrisas, pantallas de televisión e ordenador, bombillas, vaixelas, vitrocerámicas, porcelana, cerámica, gres, baldosas, terra, grava, cemento, madeira, metais, etc.



CONTEDOR AZUL:

Debes introducir no mesmo o papel e cartón. Isto é:

- Xornais e revistas
- Follas de apuntes
- Cadernos sen aneis
- Papel de envolver ou embalar
- Caixas de cartón
- Cartóns de ovos

Non debes depositar:

Papeis de calco, cartóns de leite, zume e viño (bricks), papeis ou cartóns sucios de graxa, cueiros ou compresas, aluminio ou bolsas de papel aluminizadas ou celofán.



E DEPOSITALOS NO CONTEADOR CORRESPONDENTE:



CONTEADOR AMARELO:

Destinado a acoller os envases e envoltorios de plástico, latas e bricks. Por exemplo:

- Redes plásticas (bolsa de laranxas ou de patacas)
- Tapóns metálicos dos envases
- Papel de aluminio
- Plástico transparente de envolver
- Bolsas lixeiras
- Envoltorios de burbullas
- Bandexas plásticas
- Botes de cosméticos
- Tubos de dentífrico

Non debes depositar:

Residuos de plástico que non sexan envases: xoguete, cepillos de dentes, rotuladores, cintas de vídeo, carretes de fotos, cables, enchufes, etc.



CONTEADOR XENÉRICO:

Destinado a acoller os residuos non reciclables.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

GESECO 
S.A. de Gestión de Servizos y Conservación GESECO

www.sogama.es
<http://medioambiente.xunta.es>
www.geseco.es

